

LEGO-PRETEXTO

Guía didáctica

Fernando Pazos García e Mercedes Sans Boga

O RECURSO ESTÁ PROTEXIDO BAIXO UNHA LICENZA

[Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIguual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)



**PROXECTO ELABORADO DURANTE UNHA
LICENZA POR FORMACIÓN NO CURSO 2021/2022**

Índice

INTRODUCCIÓN.....	3
DESCRIBIÓN DO RECURSO.....	3
PERSOAS DESTINATARIAS.....	3
OBXECTIVOS.....	4
CONTIDOS.....	5
COMPETENCIAS CLAVE.....	6
ESTRUTURA DO RECURSO.....	7
TEMPORALIZACIÓN.....	8
ACLARACIÓN FINAL.....	9

INTRODUCCIÓN

O presente documento pretende facilitar a utilización dos materiais dixitais de aprendizaxe recollidos baixo o título *LEGO-Pretexto*, expoñendo a súa estrutura así como as características de funcionamento do recurso co fin de servir de axuda ás persoas docentes.

DESCRIPCIÓN DO RECURSO

Cómpre, en primeiro lugar, aclarar o porque do nome *LEGO-Pretexto*.

O termo LEGO fai referencia a tres definicións que se poden aplicar ao recurso:

- LEGO¹: coñecido xogo de construción danés que significa nesta lingua “xogar ben”.
- LEGO²: en latín é a primeira persoa de indicativo de “ler”, especialmente co sentido de “ler algo nas obras de alguén”.
- LEGO³: Seguindo con ese xogo lingüístico, titulamos LEGO a este recurso por formar un acrónimo dos nomes cos que habitualmente os e as estudantes se refiren ás dúas materias implicadas, é dicir, Lingua castelá e Literatura e Lingua galega e literatura (**L**engua /**G**alego).

Estes materiais dixitais pretenden tomar como punto de partida os **textos narrativos**, esas *construcións* que grandes autoras e autores da literatura crearon xogando coas palabras para contarnos as súas historias. Propoñerémolle ao alumnado a **lectura** dunha selección de textos representativos co **pretexto** de **deconstruír** nun xogo á inversa os diferentes **aspectos lingüísticos** e **literarios** que os conforman.

PERSOAS DESTINATARIAS

Tendo en conta os contidos que se traballan, o presente material didáctico vai dirixido ao alumnado de **3º e 4º de ESO** dentro das materias de **Lingua galega e literatura** e **Lingua castelá e literatura**.

Cada tema permite traballar diversos **aspectos curriculares** das materias mencionadas. A persoa docente será a encargada de planificar o seu funcionamento, ben como **recurso** dentro da aula, ben como **traballo autónomo** para o alumnado.

Aínda que os **temas** están pensados para impartir integramente, de forma que cubran **diferentes partes do currículo** de cada **materia** e **nivel**, no labor docente é posible empregarlos doutro xeito. Por exemplo: só traballar os apartados de comprensión lectora de cada texto, ou ben só os apartados de análise gramatical, só a teoría literaria ou como forma de levar a cabo o proxecto transversal proposto.

Por outra banda, é moi recomendable a **coordinación** entre docentes das materias de **linguas** para planificar un **uso compartido** do material. Desta forma afondarase na

adquisición das competencias e destrezas lingüísticas por medio dos textos. Neste sentido tamén resulta útil para impartir o **ámbito sociolingüístico** dentro do PMAR ou PDC.

OBXECTIVOS

Cos materias dixitais de *LEGO-Pretexto* preténdese contribuír a que o alumnado acade os seguintes obxectivos recollidos no currículo.

1. *Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*

A análise de textos narrativos planifícase como un traballo **preferentemente individual**, aínda que moitas dinámicas propostas implican unha **interacción grupal**: lectura en gran grupo, posta en común de opinións e impresións etc.

2. *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*

Os materiais amosan unha **escolma** de textos axeitada de **autores e autoras**, así como as temáticas dirixidas a reflexionar sobre este aspecto.

3. *Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.*

No traballo incluíranse consideracións acerca dos **prexuízos** a través principalmente dos textos seleccionados a fin de afondar no **pensamento crítico** do alumnado a respecto deste tema.

4. *Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*

A documentación dixital adquire un papel fundamental posto que o alumnado deberá recorrer a **fontes de internet** para resolver actividades. Así mesmo, a persoa docente deberá guiar o seu alumnado no manexo do curso virtual. Por último, tamén se propoñan actividades que promovan o uso de dicionario.

5. *Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.*

Este é un dos obxectivos fundamentais do recurso. No curso presentaranse materiais escritos e audiovisuais nas **linguas cooficiais**, e propórase a resolución de actividades en ambas as dúas linguas.

6. *Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*

A través de **textos representativos** de literaturas galega e española tratarase de buscar relacións con outras manifestacións artísticas, así como con outras culturas.

7. *Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*

Inclúense recursos de aprendizaxe dedicados ás **relacións** entre a literatura, o cine, a música e a pintura.

8. *Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

A **literatura** representa un campo moi importante do patrimonio cultural dun país e pode servir para coñecer o seu acervo cultural, ao mesmo tempo que serve para contrastalo con aspectos patrimoniais doutros espazos culturais.

CONTIDOS

Os contidos desenvolvidos subdivídense en tres bloques.

1) Comunicación escrita: ler e escribir

- Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos narrativos de carácter literario (narracións en verso, fragmentos de novelas ou contos).

2) Educación literaria

- Aproximación a **textos** narrativos literarios **representativos da literatura galega e castelá** desde a Idade Media ata os nosos días.
- Coñecemento e comprensión das diferentes **etapas literarias**, principais obras narrativas de cada etapa e xeracións de narradoras e narradores desde a Idade media ata a época actual nas literaturas galega e castelá.
- Comentario e interpretación de textos narrativos literarios e identificación das diferentes **técnicas narrativas** (voz narrativa, trama, personaxes, tempo, espazo)

e **recursos estilísticos** empregados neles, así como identificación da inserción nestes textos doutras formas textuais (descrición, diálogos...)

3) Coñecemento da lingua

- Recoñecemento e explicación dos **procedementos de formación de palabras** (derivación, composición, parasíntese) e das familias léxicas, así como os usos e valores dos prefixos e dos sufixos.
- Recoñecemento, análise e clasificación das diferentes **categorías gramaticais** (substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, verbos, adverbios, preposicións e conxuncións), así como daquelas integradas por máis dunha palabra (perífrases verbais ou locucións).
- Recoñecemento das diferentes **relacións de significado** entre as palabras: sinónimos, antónimos, hiperónimos, campo semántico e asociativo; así como a súa implicación na cohesión textual.
- Usos e valores expresivos das diferentes categorías gramaticais.
- Identificación dos diferentes **grupos de palabras ou sintagmas** e análise da súa estrutura.
- Identificación das diferentes **funcións sintácticas** e dos elementos que as desempeñan dentro da **oración simple**.
- Recoñecemento e explicación das relacións sintácticas que se establecen dentro do marco da **oración composta**.
- Distinción das oracións **coordinadas** e as súas clases, **yuxtapostas** e **subordinadas** e as súas clases, así como dos nexos ou formas non persoais que as introducen.
- Recoñecemento da **coherencia textual** así como dos **conectores** textuais e dos principais **mecanismos de referencia interna** léxicos, semánticos, fonéticos e gramaticais que contribúen á cohesión textual.
- Identificación e explicación dos diferentes elementos que conforman un **texto narrativo**: narrador, personaxes, tempo, espazo...
- Distinción das formas discursivas da **descrición** e do **diálogo** dentro dos textos narrativos.
- Distinción entre o **estilo directo** e o **estilo indirecto** e recoñecemento das marcas gramaticais que os introducen.
- Recoñecemento e explicación dos **niveles da lingua** de cada falante e do uso do **registros** coloquial ou formal en función do contexto, así como dos seus rasgos formales.

- Recoñecemento das principais **características lingüísticas** dos textos narrativos, e descritivos e dialogados con especial atención ao uso das formas verbais.
- Coñecemento e aplicación das **normas ortográficas** e interpretación de pares de **homófonos** que conducen a confusións ortográficas.

COMPETENCIAS CLAVE

O desenvolvemento do recurso está orientado a traballar as seguintes competencias:

- i. Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- ii. Competencia plurilingüe (CP)
- iii. Competencia dixital (CD).
- iv. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- v. Competencia cidadá (CC).
- vi. Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).
- vii. Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (CMCTE)

ESTRUTURA DO RECURSO

Tras un primeiro bloque de **presentación**, en *LEGO-Pretexto* preséntanse un total de **16 temas**, que se corresponden cos 16 textos narrativos obxecto de análise.

Cada tema noméase co **autor ou autora** do devandito texto ou ben coa **obra** ao que pertence se é anónimo. Tendo en conta o **nivel educativo** e a **materia**, podemos establecer a seguinte división.


	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	LINGUA GALEGA E LITERATURA
3º de ESO	1. <i>Cantar de mio Cid</i> 2. Don Juan Manuel 3. <i>Lazarillo de Tormes</i> 4. Cervantes	5. Xosé Fernández Neira 6. Xoán Manuel Pintos 7. Rosalía de Castro 8. Marcial Valladares
4º de ESO	9. Benito Pérez Galdós 10. Pío Baroja 11. Carmen Laforet 12. Almudena Grandes	13. Vicente Risco 14. Álvaro Cunqueiro 15. María Xosé Queizán 16. Arantza Portabales

Cada tema amosa en primeiro lugar un **letreiro** coa obra á cal pertence o fragmento e a súa autoría. A continuación, pódese ver o **texto de lectura** que sempre irá acompañado dunha imaxe e un **título** alusivo ao seu contido co fin de motivar o alumnado. Este texto pode ser **descargado** nunha ligazón que aparece xusto ao comezo.


Debaixo do texto, nun cadro destacado en cor amarela, especifícanse os **contidos** que se traballarán por medio do texto.

En cada texto (ou tema) traballaranse sempre os mesmos **apartados**:

Comprensión textual




Análise lingüística




Análise literaria



Prox. Transversal



Autoavaliación



No apartado de **Comprensión textual** contextualízase o texto e propóñense diferentes **actividades interactivas** de resumo, estrutura, vocabulario ou sobre o seu contido. Ademais, haberá unha **práctica de redacción** dobre: escribir un novo título do texto e crear un breve texto inspirado na lectura.

O apartado de **Análise lingüística** ten forma de libro de texto, por tanto consta dun índice no que se poderá premer para acceder a diferentes cuestións:

- Gramática (morfoloxía, sintaxe, léxico e semántica)
- Texto (coherencia e cohesión)
- Variedades da lingua (niveis e rexistros)
- Ortografía
- Sociolingüística

O apartado de **Análise literaria** abre nunha nova xanela un tema que consta de:

- Un índice de **contidos teóricos** sobre a época literaria, o autor ou autora e a obra do fragmento narrativo seleccionado.
- Un punto final destinado ás **actividades de comentario literario**, que serán interactivas, do texto seleccionado.

O apartado de **Proxecto Transversal** pretende que o alumnado reflexione arredor da presenza da muller na literatura narrativa dende dous puntos de vista: **muller personaxe** e **muller autora**. Búscase desenvolver un espírito crítico e **facer visibles prexuízos** e **tópicos** que de tanto tempo que levan entre nós xa nos parecen normais.

O último apartado de **Autoavaliación** final de cada tema permitiralle ao alumnado valorar de xeito autónomo as aprendizaxes adquiridas. Trátase dunha proba de dez preguntas de diferente tipo (escollo múltiple, verdadeiro ou falso, completar, arrastrar palabras, despregables...) que o alumnado debe resolver nun só intento. Tras rematar a proba pode ver a súa puntuación e os erros na retroalimentación.

TEMPORALIZACIÓN

Como comentamos anteriormente, estes materiais pódense empregar en aula traballando integramente cada tema ou ben seleccionando un apartado dos diferentes temas. Tamén poden servir como recurso de ampliación para o traballo individual e autónomo do alumnado fóra de aula. Por este motivo a secuenciación e temporalización dependerá do uso particular de cada docente.

ACLARACIÓN FINAL

Respecto do uso do galego e o castelán dentro do recurso, cómpre aclarar que para os temas correspondentes á materia de Lingua galega e literatura emprégase integramente o galego mentres que os temas correspondentes á Lingua castelá e literatura empregan integramente o castelán.